

O Concello de Val do Dubra é promotor dun novo Obradoiro de emprego denominado “REXENERA 2024”, xunto cos concellos de A Baña, Negreira e Santa Comba.

- A data de inicio está prevista para o 2 de decembro 2024.
- A tramitación da oferta dos alumnos será a través da Oficina de Emprego e realizarase na maior brevidade posible.
- Prazo máximo de inscrición das persoas interesadas na Oficina de emprego: antes do luns 28 de outubro ás 14:00 horas.

INFORMACIÓN PARA A SELECCIÓN DE ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO “REXENERA 2024”

O Concello de Val do Dubra como promotor do Obradoiro de Emprego “REXENERA 2024”, xunto cos Concellos de Negreira, Santa Comba e da Baña, é beneficiario dunha subvención por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a realización dun obradoiro de Emprego para 20 alumnos/as distribuídos nas seguintes especialidades formativas:

**- LIMPEZA EN ESPAZOS ABERTOS E INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS (SEAG0209)
12 alumnos/as.**

**-OPERACIÓNS AUXILIARES DE REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCIÓN (EOCB0109)
8 alumnos/as.**

Este Programa de Emprego terá unha duración de 9 meses e a preselección de alumnos/traballadores farase na Oficina de Emprego Santiago Norte, onde serán preseleccionados aqueles que demanden algún dos seguintes servizos: Escolas Taller (320), Casa de Oficios (330), Taller de Emprego (340), e Outros programas de emprego formación dual (370).

Os destinatarios deste Obradoiro deberán ter unha idade igual ou superior aos 18 anos.

Tamén poderán inscribirse a través da oficina virtual do SPEG.

Para máis información sobre este proceso poñáanse en contacto coa oficina de emprego dos concellos participantes.

Informarase tamén en cada concello participante nos seguintes teléfonos: Concello de Val do Dubra (981889000). Concello de Negreira (881035150). Concello da Baña (981886501) e Concello de Santa Comba (663728782).